



Os coidados paliativos, fillos dun deus menor

Francisco Barón

Children of a Lesser God (coñecida como *Hijos de un dios menor*) é unha película de 1986 que conta a historia dun profesor de dicción nunha escola para xordos que se namora dunha muller xorda. Estaba protagonizada por William Hurt e Marlee Matlin entre outros actores e constitúe un dos exemplos cinematográficos de maior interese para os logopedistas e especialistas en trastornos da audición.

Vin a película uns anos despois da súa estrea cando terminaba o MIR e fíxome reflexionar ao coincidir coa posta en escena dos Coidados Paliativos nos países occidentais.

Nos anos 90 do século pasado a Medicina tecnocientífica alcanzou o seu cume baseada en datos e novas tecnoloxías e nun modelo hospitalocéntrico de sanidade axustado a Hospitais Universitarios. A sanidade europea, inspirada no NHS británico cunha Medicina Primaria forte e vocacional, non quedou á marxe deste movemento. Pero paralelamente os sanitarios descubrimos que, a pesar de todos os avances da ciencia e tecnoloxía médica, seguía habendo cidadáns que finaban sen alivio do sufrimento (a morte nesa época era un concepto estatístico, non antropolóxico, e a manifestación dun fracaso técnico). Nese caldo de cultivo nace o movemento *Hospice* en Gran Bretaña e os Coidados Paliativos, que aos poucos se estenden desde o mundo anglosaxón a toda Europa e o resto do mundo.

Moitos dos que asistíamos de modo romántico a cursos, charlas e conferencias de Batiches, Jaime Sanz Ortiz ou Gómez Sancho

atopabamos nestes pioneiros dos Cuidados Paliativos un «aire fresco» e un sentido á Medicina. Si, os conceptos sufrimento, alivio, compaixón, empatía e morte en paz apareceron cegadores no medio dun escenario que só valoraba a evidencia científica, as medidas invasoras e a última tecnoloxía, considerando o cuidado como algo antigo, propio das nosas avoas, pasivo, trasnoitado e «monxil» e por tanto sobrannte nunha medicina de éxito.

Se miramos atrás, lembraremos que a civilización grega creou un sistema mitolóxico que foi froito dun longo proceso evolutivo e explicaba a evolución cultural do ser humano, que ten un alto contido biográfico e simbólico e non só mecánico-biolóxico.

Distinguíanse divindades maiores individuais ou olímpicas (Zeus, Hera, Poseidon...) aceptadas por todos os homes, e divindades menores ou colectivas só seguidas por algúns.

Na época de inicio dos Cuidados Paliativos, algúns románticos ilusionámonos con eles, pois criamos que os Cuidados Paliativos serían Deuses Miores, aceptados por todos. Veremos ao longo deste artigo se foi así.

1.- Os pioneiros

A atención aos pacientes en fase avanzada e terminal está recoñecida como un dereito humano por diferentes organismos internacionais, e é unha prestación sanitaria claramente descrita na lexislación española, incluída como prestación básica na «Lei 16/2003, do 28 de maio, de Cohesión e Calidade no Sistema Nacional de Saúde» e recolleito dentro da Carteira de Servizos Comúns do Sistema Nacional de Saúde.

Antes, a Sociedade Galega de Cuidados Paliativos (SOGACOPAL) constituíuse, baixo a Presidencia de Honra do médico e humanista D. Domingo García Sabell, no ano 1998, co obxectivo de promover os Cuidados Paliativos en Galicia, unindo os profesionais: enfermeiras, médicos, psicólogos, traballadores sociais, asistentes espirituais, etc. con dedicación específica e todos aque-



www.encrucillada.gal

Só ten acceso ao artigo completo o/a
subscritor/a (en dixital ou en papel)

Se desexa subscribirse prema na seguinte ligazón:

<http://www.encrucillada.gal/index.php?s=3>